

Discurso

*Quié Honorario
do Couto Mixto*

Suso Díaz Estévez

Santiago de Rubiá, 6 de xullo de 2019

DISCURSO

Nomeamento de XUIZ HONORARIO do Couto Mixto

Bo día amigas e amigos e veciñanza do Couto Mixto, alcaldes, autoridades, pai, a meu pai lle adico este discurso, porque se a alguén me quero parecer na vida é a ti. Grazas a MariPaz, compañeira e alento sempre, e gazas tamén a demais familia e amigos por me acompañar neste día tan fermoso para min. Tamén quero ter un recordo para quen non está hoxe aquí, meus fillos Sofía e Pedro e miña nai, que non puideron vir, e para meus avós, para os catro, onde queira que estean, eles criáronme na raia, en Ludeiros, e foron os que me transmitiron a lingua e me ensinaron a amar e respectar a nosa terra. A eles, e a meus fillos e miña muller, está adicado ese poemario inspirado neste territorio, *A utopía que diluíu o vento*, e que hoxe me trae aquí, ao corazón latexante da Gallaecia.

Parabéns a quen me acompaña neste recoñecemento, a Manuel Batista Calçada Pombal (Presidente da Cámara Municipal de Melgaço), e a Mercedes Vázquez Saavedra, a quen tanto admiro porque as súas imaxes son poesía.

Tróuxome aquí a poesía que é a alma do noso pobo, o latexo que nunca abandona esta terra, e é o facho que me alumea, e é alalá e rumor nos ouvidos para envolvernos de sentimentos. *O pobo non fai poesía sen motivo*, dinos Xoaquín Lourenzo Fernández, XOCAS.

Tróuxome aquí a poesía que é o sangue que corre polas infindas veas deste recuncho da nosa existencia para desembocar no mar que nos leva alén de nós para seguirmos aquí, na cerna que nos mantén ergueitos co desexo de volver, de seguir respirando este ar que é toda a nosa existencia. Escribiu Pura Vázquez que *Só o silencio habita / nos segredos da lingua. / Na chave da palabra*.

Tróuxome aquí a poesía que se desprende en cada partícula, en cada fragmento en cada laio e en cada sorriso, na dor e na ledicia, no sufrimento que é onde se erixe o sentir verdadeiro, porque aquí o mundo é duro, a vida é dura e todo se fai dende a cobiza de sentirse parte inseparable desta terra, deste recuncho da nosa existencia que se abre, que se escribe, e que cala e agarda por nós. *Homem que olhas nos olhos / Que não negas / O sorriso a palavra forte e justa / Homem para quem / O nada disto custa*. Cantou o Zeca Afonso.

DISCURSO

Nomeamento de XUIZ HONORARIO do Couto Mixto

Que triste está a aldea, / que triste e que sola! / A terra sin frutos, a feira sin xente, / sin brazos o campo, / sin nenos a escola, / sin sol o hourizante sin fror a semente! Poetizou Manuel Curros Enríquez. Tróuxome aquí a poesía buscando nos recunchos, buscando nos vieiros esas palabras que me manteñen enraizado a esta terra sen lindes, a este corpo único da raia nosa, e é aquí onde latexa o corazón de Galicia e Portugal.

Tróuxome aquí o sentimento que me fai ser parte perenne deste corpo que se alonga, fronteira que nunca se pecha, camiño por onde transito procurándome na memoria, na luz inmorredora e na sombra e na cinsa dos nosos, da nosa xente que bicou a vida e arrincou as pedras deste duro vieiro, de cada vieiro que había que percorrer, que hai que percorrer para facelos transitables, para acadar o destino, cada destino. *Miña terra, miña terra, / terra donde me eu criéi, / hortiña que quero tanto / figueiriñas que prantéi.* Inoculounos Rosalía de Castro.

Tróuxome aquí o sentimento que medra en nós porque somos irmáns de sangue, irmaos, como dicimos aquí, de terra e de latexo construíndo un mesmo futuro sobor destes alicerces indestrutibles do entendemento. *Paraíso da minha infância. Tempo de maravilhas. Era das descobertas. Das coisas vistas pela primeira vez, das palavras ouvidas pela primeira vez.* Escribiu Bento da Cruz.

Tróuxome aquí o sentimento porque sentir é vivir e vivimos o que sentimos dende o berce, o que sentimos verdadeiramente por ser parte sempiterna nosa e que nos fai como somos, arraianos dun territorio aberto a dúas patrias. *Alén d'o mundo / está o castelo de proa,* sentenciou Manuel Antonio.

Tróuxome aquí a lingua que o alento da vida, alentamos por ela o noso sentir e sentimos deste xeito que sentimos porque temos esta lingua poética, esta fala que é o espello da nosa alma.

O universal é o local sem paredes, sabiamente nos dixo Miguel Torga. Tróuxome aquí a lingua que esmorece, que seguen negando, que asolagan, que traizoan

DISCURSO

Nomeamento de XUIZ HONORARIO do Couto Mixto

porque sen a lingua xa non seremos nada, seremos un lugar máis que ninguén estimará, unha anécdota nas marxes da historia, o que ben sendo NADA.

Minha pátria é a lingua portuguesa latexou Fernando Pessoa, e eu digo que a lingua galega é miña matria. Tróuxome aquí a lingua, a que pronunciamos para sentirnos nós, para sentir a terra, o latexo da terra, do ar, do mar, do silencio. Que será de nós cando ninguén pronuncie o universo de nomes que nos din, que nos fan, que nos identifican e co que identificamos cada recuncho deste universo que é Galicia. Que acontecerá cando ninguén diga: Murabellos, Furado, Lavías, O Forcón, Estromadoiro, Espiñans, Corga do Oso, Culmiñas? Que será de nós cando ninguén pronuncie: Infesta, Seixo, Aveledo, muiño Vello, monte Agudo, Candela, Mosteirón, Fondón ou Picoña? Que será de nós cando todo sexa a montaña, o río, o camiño, a chaira e todo perda o seu significado a súa razón de ser, o seu lugar único e irrepitíbel? Que será de nós cando se perda a memoria da memoria do tempo sobor da terra? Que será de nós cando todo sexa SILENCIO?

Para ir rematando, agradecéndolle á Asociación de Amigos do Couto Mixto ter pensado en min para honrarme con este nomeamento. En particular a Xosé González Martínez polo seu apoio sempre, a Cesáreo González Veloso home de acordo e persoa agarimosa disposta a amosarnos e falarnos destes lugares que escribiron durante seis séculos unha historia única e marabillosa, e á veciñanza do Couto Mixto, por manter viva a memoria desta república dos soños.

Non sería xusto non falar aquí dalgunhas das persoas que me precederon nas letras, na escrita e na posta en valor do Couto Mixto e agradecerlle o seu traballo e as súas creacións. Comezo recordando a Delfín Modesto Brandón, que entre outras cousas que fixo escribiu a *Interesante Historieta del Coto Mixto*. A Luís Manuel García Mañá por asentar para sempre os alicerces deste territorio na súa magna obra *Couto Mixto. Unha república esquecida*. A Máximo Salinas Valencia por ese traballo socioeconómico *O Couto Mixto, o seu contorno arraiano e os Pobos Promiscuos*. Tampouco quero esquecerme do admirado e prezado Xosé Luís Méndez Ferrín, que nos mergullou nesta terra de conto cos seus *Arraianos*,

DISCURSO

Nomeamento de XUIZ HONORARIO do Couto Mixto

e a Antón Riveiro Coello que novelou estas terras en *A Quinta de Saler* e o propio García Mañá en *Menino morreu*. E viñeron outros despois, e virán máis, porque este recuncho do universo segue latexando para manter o corpo único da Gallaecia e é unha república para ser poetizada, para ser novelada, para facer filmes ou mesmo algunha serie de televisión, para calquera cousa que axude a manter vivo este lume que alampeou e alampea no noso sangue arraiano.

Tróuxome aquí a historia sustentada na simboloxía do Acordo: TERRA, PEDRA, HERBA. Tróuxome aquí a historia e a historia séguese escribindo.

Moitísimas grazas de corazón, obrigado.

Beizóns!